

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 23 DE DECEMBRO DE 2014

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 13:05 horas do 23 de decembro de 2014, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnen-se no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a María Estela Delgado Fernández
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez

Non asiste D. Vítor Manuel Sierra Nieves cuxa ausencia é desculpada polo alcalde.

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 4 de decembro de 2014.

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 4 de decembro de 2014 e non formulándose

ningunha, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes na sesión.

2º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, acordo de non celebración do Pleno ordinario do mes de xaneiro de 2015.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o sr. Alcalde di que deste tema xa se falou na Comisión de Facenda do venres pasado. Di que había un tema urxente que é o que ven hoxe a esta sesión, o relativo ao convenio con Medio Ambiente, e outro asunto que é o expediente de cesión duns terreos que pasou a exposición pública e agora está pendente da súa aprobación polo Pleno pero que non parecía un tema tan urxente como para celebrar o Pleno correspondente o próximo día 8 de xaneiro, ó remate das festas do Nadal. Di o Alcalde que si houbera algún tema moi urxente loxicamente convocaríase un Pleno extraordinario.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

A non celebración da sesión ordinaria de 8 de xaneiro de 2015 do Pleno da Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras.

3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a orzamento da Corporación para 2015.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica de 19 de decembro de 2014 polo Alcalde que fai uso da palabra para dicir que o orzamento do ano 2015 ten unha redución, tanto nos Ingresos como nos Gastos, de 50.000€ en relación coa documentación entregada na primeira Comisión de Facenda, posto que a obra de Plans Provincias financiada pola Deputación Provincial non se vai a executar polo Concello por non superar os 70.000€ o presuposto da obra, e que a executará a propia Deputación Provincial. Di que esa diminución dos 50.000€ non afecta a ningún dos informes feitos pola Intervención Municipal, polo que os Ingresos previstos ascenden a 8.474.917,56€ e os Gastos a 8.392.363,58€. Di o sr Alcalde que un dos aspectos máis importantes do orzamento 2015 é que nuns momentos de contención no gasto obrigada polas cortapisas e esixencias que puxo o Goberno central a todas as administracións no que se refire á control do gasto, este Concello segue cumprindo todos e cada un dos parámetros impostos polo Ministerio

de Facenda, en débeda pública, control de gasto, estabilidade, etc., e que todo iso pon de manifesto que o Concello do Barco está a desenvolver a función pública cun rigor presupostario claro. Di que este ano recorreuse a un préstamo por un importe de 153.000€ para facer fronte ao convenio que se asinará con ADIF, para acometer a obra do paso peonil soterrado por debaixo da vía do ferrocarril para o barrio de Caleras, que aumenta a inversión, debido ás obras do paso soterrado e á ampliación da EDAR, chegando aos 633.000€ en obra executada ou en inversión comprometida, que se seguen a manter todos os servizos que se están prestando, sen suprimir ningún deles, e mantense as cantidades que tiñan asignadas todas as entidades, sociais, deportivas, culturais, etc., excepto a ASFVAL que se lle incrementa a partida en 1.000€ tendo en conta a apertura da residencia da Asociación. Remata dicindo o sr. Alcalde que tamén se creou unha partida nova de 3.000€ asignada á Asociación de Taxistas como axuda para a instalación de taxímetro que é obrigatorio a partir do 1 de xullo de 2015.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que di que lle chama a atención que o sr. Alcalde non explique un pouco máis os orzamentos. Di o concelleiro que se debate hoxe o 16º orzamento municipal presentado polo Goberno socialista do Concello do Barco, o que demostra probablemente a primeira promesa incumprida polo sr. Alcalde cando no ano 1999 xa que dixo que estaría soamente oito anos, é dicir, dous mandatos. Di o sr. Blanco que é un presuposto continuísta cheo de contradicións e cuxo obxectivo principal é que lle sirva ao Alcalde para manterse no cargo e non para loitar por un futuro mellor para O Barco e moito menos para contribuír coa recuperación económica e a creación de emprego. Afirma o voceiro que a maioría absoluta sírvelle ao Alcalde para impoñer e utilizar a democracia ao seu antollo, aínda que non lle serve para incrementar a actividade do seu goberno, traendo consigo pasividade, impotencia e intolerancia política e sobre todo moitas présas de última hora. Di o voceiro que durante todos estes anos o seu grupo ven repetindo de forma incansable as mesmas queixas polas formas e polo procedemento que se leva a cabo para a aprobación do presuposto municipal, o que supón unha absoluta falta de respecto á oposición, a xuízo do seu Grupo, que tiveron pouco tempo para analizar o expediente do orzamento, pois houbo dúas comisións en dez días e conseguiron a información a contagotas, aínda que nesta ocasión ten que recoñecer que por primeira vez nestes 16 anos os orzamentos preséntanse antes de finalizar o ano anterior. Di o sr. Blanco que este orzamento, despois de varios artificios contables, é 233.466,90€ superior ao do ano 2014, pero que resulta inservible porque non se ocupa dos problemas fundamentais que preocupan aos veciños e veciñas do Barco, que o seu Grupo bota en falta

partidas para a creación de emprego, para o desenvolvemento turístico, para impulso do pequeno e mediano comercio, etc., que no apartado de educación, cultura e deportes limitábase á concesión de subvencións a diferentes entidades, con ausencia de programas específicos, que dende o ano 2000 o sr. Alcalde tivo a oportunidade, o privilexio e a responsabilidade de xestionar máis de 115.000.000 de euros de recursos propios, para poder facer plans e proxectos de futuro como, entre outras cousas, incentivar a natalidade, a apertura de novos negocios, a instalación de novas empresas como alternativa ao sector da pizarra, etc., pero ó final o Alcalde preferiu a improvisación fronte á planificación. Di o sr. Blanco que os Ingresos reflectidos no orzamento son superiores aos do ano 2014 e que o incremento provén fundamentalmente porque aumentan algunhas taxas, as transferencias correntes doutras administracións, as transferencias de capital e a solicitude dun crédito polo que segundo as previsións do Alcalde sumando os incrementos desas diferentes partidas hai 400.556€ máis con respecto ao exercicio anterior, xurdindo a primeira contradición coa afirmación na Memoria da Alcaldía de que os servizos estanse a manter sen axuda doutra administración. Prosegue facendo uso da palabra o concelleiro para afirmar que a segunda contradición é que o Alcalde di que é un presuposto realista e rigoroso tanto no que atinxe aos Ingresos como aos Gastos, e pregúntalle si leu o informe do Interventor ou o informe económico-financeiro do adxunto á Intervención pois ambos técnicos advirten da pouca fiabilidade na previsión dalgúns ingresos, e que a Intervención municipal advírtelle que o proxecto de orzamento presenta indicios moi serios e fundados sobre incumprimento do principio de equilibrio efectivo dende o punto de vista económico e financeiro, e que como terceira contradición na Memoria o sr. Alcalde fala de control de gastos e que non se pode falar de control de gastos cando o Capítulo I e o Capítulo II continúan aumentando sen control, en máis de 36.000€ o Capítulo I e en máis de 49.000€ o Capítulo II, e que sumando os Capítulos I, II e III representan o 87,4% para gasto ordinario, para gasto considerado produtivo polo que quere volver a preguntar de qué control de gasto fala o sr Alcalde. Di o voceiro que unha das realidades que se constatan facilmente é que o Alcalde deste Concello aumentou continuamente os impostos, exceptuando nos anos electorais, subíndoos descaradamente ou dicindo que había que actualizalos co IPC, e nesta ocasión pese a comprobar que a media anual do IPC será negativa non verán reflectida esa diminución os barquenses, que soportan unha presión fiscal de 323,2€, cando no ano 2000 coa chegada ao Concello do sr. García Rodríguez esa presión era de 206,94 o que supón unha subida dun 57%, mentres que o investimento por veciño é de 45,25€. Di o concelleiro que en relación ás subvencións ás entidades que se conceden por este Concello o 75% das que

se conceden son de carácter nominativo, a dedo, sen pasar por ningún proceso de selección, sen ningún tipo de bases que garantan a igualdade de oportunidades de todas as entidades, aínda que el sabe que esta forma de concesión é legal e non están en contra de que se poidan conceder pero que o que lle preocupa é o que supón de falta de transparencia ao non estar suxeitas a ningún convenio que estableza unhas mínimas condicións para a súa concesión ou xustificación, que iso tamén o di o informe de Intervención que fai unha clara referencia ao incumprimento da Base 35 das de Execución do Presuposto. Prosegue a súa intervención o voceiro sinalando que o informe de Intervención, como todos os anos, é desfavorable por moitas cuestións, aínda que el quere falar da política de persoal, na que o sr. Alcalde recibe o suspenso máis clamoroso por parte dos técnicos, pois durante o mandato do sr. Alcalde entraron no Concello medio centenar de persoas por contratos temporais e despois pasaron a fixos, algúns deles pola repetición de diferentes contratos conseguiron tamén o posto fixo, e o sr. Alcalde era consciente de todo ese problema e o permitiu sen poñerlle freo, a pesar da advertencia dos técnicos, e que á vista de todo iso pregunta para qué serviron os 24.000€ que custou a elaboración dunha relación de postos de traballo. Afirma o sr. Blanco que facendo unha análise polas distintas concellerías atópase unha continuidade absoluta tanto na distribución como nos gastos, sen atender a ningunha planificación e lle gustaría saber os criterios que se seguen para aumentar ou diminuír algunha das partidas. Di o voceiro que na Memoria o sr. Alcalde fai referencia a que apoia ao comercio e pensa que ese apoio redúcese a conceder unha subvención ao Centro Comercial Aberto e bota en falta algún proxecto conxunto que implique ás diferentes concellarías e que sirva para impulsar o tecido comercial. Prosegue dicindo que outra contradición obvia na Memoria é o apoio aos produtos locais posto que nas feiras de produtos de excelencia que se fan só o 25% son expositores da Comarca o que trae consigo que a maioría do diñeiro que gasta a xente nesa feira se vaia para fóra. Di o sr. Blanco que estes presupostos non xeran ilusión, que despois de 16 anos non se pode negar que hai máis rúas e prazas asfaltadas pero que o desenvolvemento dun pobo e o benestar da súa xente non se miden polos metros cadrados de asfalto e que, tras catro lexislaturas de goberno do sr. Alcalde, non hai máis xente vivindo nos núcleos rurais, porque non existe unha política planificada de desenvolvemento rural, nin hai máis empresas nin actividade comercial, non houbo un plan de intervención nos barrios nin infraestruturas deportivas, se perdeu un matadoiro, que tiña case medio centenar de postos de traballo, e non houbo alternativa, non se fixo ningún plan e segue a finca abandonada, tampouco se fixo nada no aspecto turístico, que os recursos naturais están aí para a súa explotación e non se quixo facer nada, que tendo unha vila con tanta historia como O Barco non

hai un museo etnográfico ou do río ou do viño ou da pizarra, que pensa que o Alcalde botaralle á culpa ao Consorcio de Turismo pero todo isto se debe en parte a presupostos tan malos como o que se presenta hoxe. Remata o sr. Blanco dicindo que en definitiva para o seu Grupo estes orzamentos ademais de ser continuístas e non ocuparse dos problemas fundamentais dos veciños e veciñas, son inservibles, son os da despedida ou fin de ciclo, polo que o seu Grupo non pode dar o seu voto favorable.

Comeza a quenda do sr. Alcalde que fai uso da palabra para dicir que o sr. Blanco dixo tantas cousas que non pode contestarlle a todas elas por imposibilidade física de apuntar todo o dito, aínda que a algunhas cousas si lle vai a contestar e que a outras non merece a pena contestar porque o voceiro do PP faise as preguntas e el mesmo as responde. Di que el nunca lle botou a culpa ao Consorcio de turismo, que unicamente se preocupou de poñelo a funcionar cando foi presidente, e que agora xa non existe o Consorcio de turismo pero non por culpa dos concellos senón pola reforma de lei de bases de réxime local, aprobada polo Goberno central, que prohibe ese tipo de organizacións, e estase intentando facer unha especie de asociación de concellos e en base a ela encargouse un plan director. Di o Alcalde que o sr. Blanco fai unhas afirmacións absolutamente carentes de rigor, entrando ás veces en contradicións como cando di que non están de acordo coas subvencións nominativas pero si están de acordo cos convenios, cando no Concello do Barco non se concede ningunha subvención nominativa que non estea suxeita a un convenio, fiscalizado pola Intervención, e que xustifican ata o último céntimo que se lle concede para poder ingresarlle a cantidade subvencionada. En relación co informe de fiscalización, afirma o Alcalde que para facer o informe de estabilidade hai que referirse á liquidación do 2013 e cando o Interventor compara os ingresos reais, porque o orzamento é unha estimación, vese que o conxunto da previsión dos ingresos están recadados practicamente, e que o importante é que cando remate o ano o que se gaste sexa menos do que se ingresou e que iso se foi producindo ano tras ano durante os 15 anos que el leva xestionando o presuposto. Afirma o edil que este ano estudou con máis detalle o informe da Intervención, fixándose nos ingresos que o Interventor di que non son prudentes e en moitas Partidas xa se recadou máis do que está previsto ingresar este ano, que non se pon primeiro os gastos e despois os ingresos xa que primeiro pónense os ingresos e despois axústanse os gastos, entón si se suman e restan todas esas cantidades poderíase chegar á conclusión de que efectivamente os ingresos estarían con 54.000€ de máis, pero os orzamentos levan un superávit de 80.000€, que se deixou así precisamente porque os orzamentos aprobábanse en decembro, que non é o primeiro ano que se fai así, e quíxose ser excesivamente prudentes porque

non se tiñan os datos do Fondo de Cooperación do Goberno Cenral. Di o Alcalde que cando el estivo na Deputación tamén lle entregaban a documentación o venres para aprobar os presuposto na semana seguinte, e iso pasaba porque os informes e a documentación non chegaba ata o último día. Respecto do incremento de gastos no Capítulo I e o Capítulo II ten que dicir que ese aumento no Capítulo I é por unha orde que ordena facer efectiva a paga extra que non se pagou no ano 2012 aos funcionarios, polo que non hai un incremento de gasto senón que é un cumprimento da legalidade vixente, que é verdade que o Capítulo I segue formado polas mesmas prazas pero que si se fixa un na Relación de Postos de Traballo vese que hai exactamente 19 prazas vacantes que non se poden cubrir nin transformar, porque igual a intención é transformar moitas delas noutras prazas máis eficaces para o funcionamento diario, pero non se pode aínda que se queira, que esas 19 prazas están presupostadas, aínda que estean vacantes, con soldo e seguridade social e iso ten un custo de aproximadamente 415.000€, que iso permite facer fronte a todas as subvencións e os compromisos que o Concello vai asumindo ao longo do ano e que ten que cofinanciar, como por exemplo o arranxo do tellado do hangar de piraguas, a caldeira da piscina climatizada ou a Brigada de incendios que se contratou. Di o Alcalde que o sr. Blanco critica os gastos dos Capítulo I e Capítulo II e dille o sr. Alcalde que iso non é tirar o diñeiro que na Administración, sobre todo na Local, eses gastos supoñen prestar servizos e fai un resumo das cantidades reflectidas en ditos Capítulos I e II e que son asignadas ás prestacións dos distintos servizos municipais. Di o sr. Alcalde que a pesar da visión negativa que fai o voceiro do PP sobre o informe económico-financeiro de Intervención, a verdade é que a débeda viva deste Concello está no 17,21% sobre os dereitos liquidados e o límite está no 75% podendo chegar ata o 110% con autorización, e este Concello incluíndo os 153.000€ do ano que ven está nese 17,21% e si leváramos esa débeda ao PIB este Concello estaría no 1%, pois baixouse débeda nos últimos cinco anos mentres que a Xunta multiplicouna e os últimos datos do último trimestre, que saíron na reunión doutro día do Comité Territorial da FEGAMP, foron que o Goberno central incrementou a débeda un 6%, as Comunidades Autónomas incrementárona nun 17% e os Concellos baixaron a débeda un 6% , porque administran ben e non gastan, non como pasa coas Comunidades Autónomas que lles obrigan a cumprir o déficit do 4% e como non o cumpren agora regálanlle o diñeiro ao 0% de interese, ¿porqué non fan iso cos Concellos?, que ese é o problema, que o Goberno central dálle as Comunidades Autónomas manga ancha para cumprir ou non cumprir as súas obrigacións mentres que aos Concellos lles din que o que non cumpra o interveñen, e ¿porqué non fan iso coas Comunidades Autónomas, a maioría delas do PP?, que tamén o Presidente da Xunta

subscribe todo o que acaba de dicir xa que non está de acordo coa postura do Goberno central de regalarlle o diñeiro aos que non cumpren. Di o Alcalde que el tampouco está de acordo con que non se permita contratar a ninguén, que lle parece ben que non permitan contratar aos que non cumpren pero que ao que ten todo correcto deben de deixalo contratar e xestionar e non quitarlle competencias, pois o sr. Blanco sempre di que o goberno municipal ten que arranxar o problema do paro e hoxe en día o Concello non ten competencias, tiña poucas e esas poucas quitáronas, os Concellos de menos de 20.000 teñen cero competencias, as competencias déronllas ás Comunidades Autónomas e ás Deputacións. Prosegue facendo uso da palabra o sr. alcalde para dicir que en relación coas contas, o aforro neto ten que ser positivo e o Concello do Barco está por riba, é dicir o 18%, que cúmprese con todo e séguese a prestar servizos. Continúa dicindo o Alcalde que cando se fala da mala xestión de Zapatero é a mesma que a de Rajoy pois xa se está a falar de que ao mellor hai que devolver cartos, que a liquidación do 2013 vai a saír negativa, polo menos iso dábano por seguro na FEMP, na pasada Comisión Territorial, porque as previsións son unhas e logo a realidade vai por onde vai, no 2012 foi positiva, no 2013 vai ser negativa e no 2014 apunta que debería ser positiva porque parece ser que aumentaron os ingresos.

Concédeselle a palabra ao sr. Blanco Paradelo quen fai uso dela para dicir que o sr. Alcalde contestoulle a pouco do que lle preguntou, sobre a afirmación de falta de rigor non lle contestou a ningunha, que pedirá copias dos convenios de subvencións concedidas ás asociacións pois o informe de Intervención di que para un correcto cumprimento da legalidade é necesario que ditos convenios sigan o procedemento sinalado na Base 35, e di que si isto é falso lle chame a atención a quen ten que chamarlla pero que non lla chame a el.

Di o sr. Alcalde que el non dixo que iso fóra falso senón que o que se deduce dese informe e que o que está a dicir o adxunto de Intervención é que os convenios se inicien nos respectivos departamentos porque quen os inicia e xestiona é o propio departamento de Intervención, que é por onde vai o informe, polo funcionamento e non pola ausencia de convenios, pero que de todas formas xa llo aclarará o adxunto de Intervención que é quen tramita todos os convenios.

Di o sr. Blanco que segundo as Bases que rexen o control do presuposto os Convenios terán un contido mínimo de definición do obxecto da subvención e sinala todos os requisitos e obrigas dos mesmos, polo que el solicitará

unha copia dos convenios para ver si se adaptan a eses requisitos e si é así rectificará.

Di o sr. Alcalde que non hai que rectificar nada que só é un tema de interpretación de certas cuestións e de procedementos.

Di o sr. Blanco que el se basea no informe de Intervención e na documentación que ten, que en relación cos Ingresos os técnicos din que hai pouca fiabilidade, sobre todo en algúns importantes e entón el pregunta si é que o Alcalde non lle fai caso ou é que eles poñen iso no informe para molestar ao Alcalde, que si os técnicos din que hai pouca fiabilidade e que pode levar consigo a rotura da estabilidade económica financeira no presuposto e que el se limita a ler o informe de Intervención. Di o concelleiro que o Alcalde tampouco dixo nada sobre a RPT, da mala organización do persoal ou da falta de persoal nalgúns departamentos, que ese non é un problema de agora pois vense xerando durante os seus 16 anos de goberno, que é unha falta de previsión e planificación nos distintos departamentos, que o Alcalde fala de control no gasto e iso é falso, pois aumentan os Capítulos I e II en 86.000€, e sobre ese asunto tampouco dixo nada, que o Alcalde ten que rectificar a Memoria e o discurso pois non pode ser que inflen os ingresos e o Alcalde non lle faga caso ás advertencias dos técnicos porque vai a haber maiores transferencias correntes das Administracións e por outro lado diga que as Administracións marxinan ao Concello do Barco. Di o concelleiro que a el non lle molesta, como di o Alcalde, que se faga o paso soterrado, aínda que si lle molestaría si esas obras non as fixera o PP. Di o sr Blanco que quere volver a insistir nos problemas que preocupan aos veciños e ás veciñas do Barco e que o sr. Alcalde non foi capaz de solucionar, como por exemplo, a proposta do PP do plan municipal para fomentar o empadroamento, que o seu Grupo tamén presentou alternativas pois pediron plans para intervir nos barrios, unha política comercial que estea coordinada polas distintas concellarías do Concello, concursos para emprendedores, plans para promover o viveiro ou a praza de abastos, etc., e que foron propostas que se foron presentando durante todos estes anos e que o Alcalde rexeitou, tamén quere volver a preguntarlle pola situación do matadoiro. Di que a miúdo fixámonos no que se fai e non poñemos atención no que se deixa de facer, que moitas veces é máis importante, que a vista de todo o que expuxo é moi importante o que non se fixo, que co diñeiro que manexou dende que está no Concello o sr. Alcalde cunha boa planificación podería haber axudado aos mozos, ter feito programas de educación, culturais, etc., que non hai nin un museo nin unha oficina de turismo, nin puntos de información turística. Remata dicindo o sr. Blanco que este presuposto que se presenta non se ocupa das necesidades

dos veciños e veciñas do Barco, é inservible e polo tanto o seu Grupo vai votar en contra.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde que o que non se pode é ler dun informe de 14 páxinas só tres apartados, hai que ler todos, que o debate de presupostos é un debate político non técnico, non hai que ler o que din os técnicos, que esa é a diferenza e iso é o que non entendeu en doce anos o sr. Blanco. Di que é verdade que no apartado de IBI o Interventor di que pode haber unha sobreestimación de 80.000€ e despois no de achegas do Estado outros 86.000€, pero tamén no apartado de IIVTNU di que a cifra é inferior á dos dereitos recoñecidos á data de elaboración dese informe, que efectivamente os ingresos e os datos son estimacións e si se fixera un estudio estrito de todo o dito no conxunto desas estimacións habería un superávit, que en relación ao paso soterrado a el lle alegra que se faga goberne quen goberne, porque é un ben para o pobo do Barco e para os seus veciños, e que no tocante ao matadoiro foi pechado porque non reunía condicións e o Concello desenvolveu aquel solo e ofreceulle o solar á Xunta para facer vivendas sociais pero ó final, despois de facer o proxecto de urbanización o concello, dixeron que había que esperar a que viñeran tempos mellores porque non había diñeiro. Remata o sr. Alcalde dicindo que o voceiro do PP só ven a poñer deberes ao Concello do Barco, aquí hai obriga de facer todo e resulta que no Parlamento de Galicia na aprobación dos recentes presupostos había unha emenda para o desenvolvemento da oferta turística dos destinos de Valdeorras e Trevinca e outra para o Camiño de Inverno, a ruta do Viño, a ruta da Minería e o sr. Blanco votou en contra, así como tamén votou en contra doutra moción de plans propios de internacionalización con produtos da Comarca de Valdeorras (castañas, embutidos, viños, lousa, madeira), que todo iso ten que contarlle o voceiro do PP aos veciños do Barco, como cando nunha campaña de eleccións autonómicas o PP pagou unha páxina de La Región para publicar todas as iniciativas que había votado en contra a deputada por Valdeorras no Parlamento Galego.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

1. Aprobar inicialmente o expediente do Orzamento Xeral Ordinario deste Concello para 2.015, que consta dos seguintes documentos:

- Memoria explicativa da Alcaldía.
- Liquidación do orzamento do exercicio 2014.
- Estado de gastos.
- Estado de ingresos.
- Plantilla de persoal Funcionario e cadro de persoal Laboral.
- Bases de execución do orzamento e anexos
- Informe económico-financeiro e anexos
- Anexo de investimentos do exercicio
- Informe de Fiscalización da Intervención Municipal.
- Informe de avaliación da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto

O resumen de gastos e ingresos do referido Orzamento, resulta como sigue:

RESUMEN POR CAPITULOS

INGRESOS		GASTOS	
Capítulo 1	3.079.871,53 €	Capítulo 1	3.634.068,09 €
Capítulo 2	44.327,87 €	Capítulo 2	3.693.730,20 €
Capítulo 3	1.400.389,98 €	Capítulo 3	10.270,80 €
Capítulo 4	3.465.074,48 €	Capítulo 4	228.053,12 €
Capítulo 5	113.444,83 €	Capítulo 5	
Capítulo 6	- €	Capítulo 6	237.915,49 €
Capítulo 7	214.213,11 €	Capítulo 7	395.600,70 €
Capítulo 8	4.381,16 €	Capítulo 8	12.635,46 €
Capítulo 9	153.214,60 €	Capítulo 9	180.089,72 €
	8.474.917,56 €		8.392.363,58 €

2. Aprobar a plantilla do persoal funcionario e relación de persoal laboral deste Concello para 2.015.

3. En caso de que o orzamento non entrara en vigor o día 01/01/2015, como é o caso, de conformidade co establecido no artigo 21.6 do Real Decreto 500/90 do 20 de Abril, as modificacións efectuadas sobre o orzamento prorrogado, consideraranse feitas sobre o orzamento definitivo.

4. Dispor a publicación do presente acordo no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido na normativa de Facendas Locais. Si transcorrido o prazo de exposición ao público, expresado no artigo 169.1. do TRLRHL, non se presentan alegacións ou reclamacións, o presente acordo elevarase a definitivo.

4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a modificación do convenio de colaboración coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil para o financiamento, execución, entrega e formalización da encomenda de xestión para o mantemento e conservación das obras de ampliación da EDAR do Barco de Valdeorras.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde para dicir que a modificación de convenio é beneficiosa para o Concello porque unha vez adxudicada a obra hai unha redución de orzamento de uns 300.000€. Dá conta do ditame da Comisión informativa de 19 de decembro de 2014 e prosegue dicindo que o Ministerio de Medio Ambiente segue aportando 1.200.000€, que é o que tiña que aportar orixinariamente, e o Concello aporta o resto máis os gastos financeiros como se había acordado, é dicir que o Concello vai a pagar menos do que estaba previsto e o Ministerio aporta a mesma cantidade, polo que o Concello sae gañando.

Fai uso da palabra o sr. Blanco que di que cre que é beneficioso e que hai que destacar que se pasou de que o Concello teña que aportar o 34,78% a pagar o 20%, o que tamén beneficiará ás arcas municipais e que esta obra non é moi vistosa pero é das que co tempo convértense en imprescindibles e necesarias.

Rematado debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

- 1. Aprobar a modificación do Convenio de Colaboración entre o Concello do Barco de Valdeorras e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, aprobado polo pleno do Concello o 6 de setembro de 2013.**
- 2. Que pola Alcaldía do Concello do Barco de Valdeorras, en representación do Concello, se asine o documento de modificación e se leven a cabo as actuacións precisas para a efectividade deste acordo.**

5º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a concesión bonificación no ICIO solicitada por Aglomerados y Construcciones Valdeorras S.A.

O sr Alcalde da conta do ditame de 19 de decembro de 2014 adoptado por unanimidade e di que son obras de derribo de edificios na rúa España, cunha bonificación do 95% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese histórico artístico e cultural, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1 Rogos e preguntas.

Non se realizan.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 14:30 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez